

Julio Carmona Barros con DNI _____, en representación da Asociación Pola Defensa da Ría (APDR), con domicilio a efecto de notificacións na rúa Michelena nº 3 – 1º - B (36002 de Pontevedra) e enderezo electrónico: apdr@apdr.info

EXPÓN:

Que na derradeira década estamos a vivir un **aumento exponencial** dos campos electromagnéticos (CEM) artificiais de baixa e alta frecuencia, sendo cada vez máis as chamadas ao **Principio de Precaución** dende diferentes ámbitos (**científicos, institucións europeas e internacionais**) ante estes **contaminantes ambientais que nos alertan do seu risco potencial para a saúde das persoas, especialmente dos nenos e das nenas** e outros grupos sensíbeis. A continuación destacamos algunhas chamadas relacionadas coas tecnoloxías sen fíos (teléfono móbil, Wi-Fi, ...) na infancia e mocidade:

1.- A partir do **informe STEWART** (abril, 2000), encargado polo Goberno do Reino Unido, o seu **Servizo Nacional de Saúde** recomenda preservar o uso do móbil en < 16 anos so a emerxencias, e da **consellos** para reducir a exposición: chamadas curtas, SMS, mans libres, baixo SAR, en espera: móbil alonxado.

2.- O **Informe BIOINITIATIVE** de agosto/2007, revisión internacional de máis de 2.000 estudos científicos coa colaboración da **Axencia de Medio Ambiente**, considera **non seguros e inadecuados os límites de protección CEM** (F.C.C. / I.C.N.I.R.P. -referentes da nosa lexislación estatal-) na protección da saúde pública, reclamando **límites máis estritos de exposición** “nos lugares ónde a cidadanía vive, traballa, e va á escola”, moderar o uso do móbil en menores de 18 anos, protexer os centros de ensino e de lecer de sistemas sen fíos (antenas, móbil, Wi-fi, ...), ...

3.- A **Axencia Europea de Medio Ambiente**, considera na Declaración do **17.09.2007** insuficientes os límites de protección actuais aos CEM e demanda aplicar xa o “**principio de precaución**”, **recomendando o 15.09.2009 reducir a exposición aos CEM dos móbiles especialmente na infancia e adultos novos** cun “maior risco de tumores na cabeza”: evitar a aproximación do móbil ao cerebro con sistemas de mans libres, primando o SMS ás chamadas, deseños mellorados de móbil ...

4.- A **Resolución do Parlamento Europeo do 04.09.2008** (95% dos votos) nos artigos 21, 22 e 23, solicita reducir os límites “obsoletos” actuais de exposición aos CEM, especialmente aos “grupos vulnerábeis, como as mulleres embarazadas, os recentemente nados e os nenos”.

5.- A **Resolución do Parlamento Europeo de 02.04.2009** (95% dos votos) nos artigos 15, 17 e 23, recomenda “para os nenos **un uso razoable do teléfono móbil e un uso preferente do teléfono fixo**” cunha “**campaña xeral de sensibilización dos mozos**” de uso racional como “**usar dispositivos de mans libres, realizar chamadas curtas, apagar os teléfonos cando non se utilicen (por exemplo, durante as clases) e usar o teléfono móbil en zonas con boa cobertura**” e denuncia “determinadas campañas dalgúns operadores de telefonía particularmente agresivas con ocasión das celebracións do Nadal e outras datas sinaladas como a venda de teléfonos móbiles destinados exclusivamente aos nenos ou as ofertas de *minutos libres* dirixidas aos adolescentes”

6.- **Recomendacións polo uso racional** do móbil e/ou de protección da infancia das tecnoloxías sen fíos:

De **administracións sanitarias/gubernamentais** en **Alemaña (1, 2, 3), Austria, Bélxica (1, 2, 3), Canada (1, 2), Finlandia, Francia (1, 2), Italia, India, Israel (1, 2, 3, 4), País Vasco, Reino Unido, Rusia (1, 2, 3, 4), Suíza (1, 2),** asemade o **Instituto de Cancro de Pittsburgh** en EUA.

De **asociacións profesionais científicas e sanitarias** como a **Sociedade Española de Protección Radiolóxica 2011**, o **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia 2012**, a **Asociación pola Saúde Ambiental de Francia (> 2.500 médicos), 2008-2012**, a **Academia Alemá de Pediatría e Medicina da Adolescencia**

2001-2010, **Pediatras flamencos beperkte straling 2007**, **Asociación Irlandesa de Médicos Ambientais 2005**, **Colexio Médico de Austria 2007**, **Médicos a favor do Medio Ambiente de Suíza 2012** (\cong 1.500 médicos), **Instituto Oncolóxico da Universidade de Pittsburgh 2008**, **Academia Americana de Medicina Ambiental 2009-2012...**), **Comisión Internacional para a Seguridade Electromagnética 2006-2007**

De **investigadores** como **Dra. Magda Havass**, **Dr. Carpenter**, ...); de **expertos en cancro** como os asinantes do **Chamamento de expertos internacionais relativos á utilización dos teléfonos móbiles**, de **Pediatras** como o **Dr. Juan Antonio Ortega García** (Pediatra Responsable da Unidade de Saúde Medioambiental Pediátrica do Hospital Universitario Virgen de la Arrixaca, Murcia), de **catedráticos** como o **Dr. José Carro Otero** (Presidente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia), ...

9.- A **Axencia Internacional de Investigación do Cancro (IARC)** da OMS o 31.05.11 **clasifica** aos CEM de radiofrecuencia (móbiles, teléfonos sen fíos –DET-, Wi-Fi, Wimax, ...) como **posiblemente canceríxenos** para os humanos, baseado nun **maior risco de glioma** asociado co uso intensivo de móbiles. O seu director, chama “a tomar medidas pragmáticas para reducir a exposición, tales como usar dispositivos de mans libres ou enviar mensaxes de texto.”

7.- A **Resolución 1815, de 27.05.2011, da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa**, adoptada por unanimidade, pide aos países membros “tomar todas as medidas razoábeis para reducir a exposición aos campos electromagnéticos, especialmente ás radiofrecuencias emitidas polos teléfonos móbiles, e en particular a exposición en nenos e mocidade, para quen o risco de tumores da cabeza parece maior”. E no seu punto 8.3 demanda:

“1. deseñar, no ámbito dos diferentes ministerios (educación, medio ambiente e sanidade), **campañas de información dirixidas ao profesorado, a nais e pais e a nenos para advertirles dos riscos específicos do uso precoz, indiscriminado e prolongado dos teléfonos móbiles e doutros dispositivos que emiten microondas;**

2. dar preferencia, para os nenos en xeral e especialmente nas escolas e nas aulas, aos sistemas de acceso a internet a través de conexión por cable [é dicir, evitando a conexión sen fíos Wi-fi] e regular estritamente o uso dos teléfonos dos estudantes no recinto escolar ”

8.- Na liña proposta pola **Resolución 1815 do Consello de Europa**:

- O **Parlamento Vasco** na súa **Resolución de 5.10.2011**, aprobada por unanimidade, adhírese literalmente á dita Resolución 1815 do Consello de Europa e inclúe no seu punto 3º: “Realizar campañas contra o uso inmoderado de teléfonos móbiles entre os nenos e nenas”.

- O **Servizo Vasco de Saúde, Osakidetza**, dende maio de 2012 facilita aos técnicos de saúde pública e ao público en xeral **recomendacións para reducir á exposición CEM** que inclúen as lámparas de baixo consumo, cocinas de inducción, forno microondas, teléfono móvil (baixo SAR, chamadas breves, kit mans libres, telefonar so con boa cobertura, distancia de 30 cm entre el móvil e un implante médico activo, ...), teléfono inalámbrico DETC, Wi-Fi, interfono para bebés.

- O **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (declaración de 04.05.12)** “entende que hai indicios máis que fundados para que se aplique o **principio de proporcionalidade e precaución** sinalado pola Lei 33/2011 e pide por iso que se realicen **campañas de concienciación á poboación** ... En concreto, as administracións públicas deberían protexer aos máis pequenos, moito máis sensibles a estas exposicións e susceptibles de estar expostos máis tempo. Para iso **deberíanse tomar medidas no ámbito educativo tales como información dos riscos** que supón para a súa saúde a exposición a dispositivos emisores de REMNI nos centros escolares. Con tal fin sería recomendable que nos centros escolares prohibíse o uso de teléfono móvil, dispositivos wifi ou localización de antenas de telefonía móvil nas proximidades”.

- Concellos como o de **Barakaldo (26.07.12)** e o de **Jerez de la Frontera (28.09.12)** xa aprobaron nos seus plenos por unanimidade a “realización dunha **campaña de concienciación**, dentro da axenda 21 escolar, **contra o uso inmoderado de teléfonos móbiles entre os nenos e nenas**”

Que na protección e fomento da saúde e o medio ambiente en xeral e da infancia e mocidade en particular, os municipios, os consellos escolares, as ANPAS, os pais e as nais, e tódolos axentes sociais implicados, cada un segundo a súa capacidade, deben recorrer a unha ampla aplicación do Principio de Precaución. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, lémbra-nos que: “é necesario adoptar o principio de precaución tal e como o define a propia Lei 33/2011, Xeral de Saúde Pública, do estado español, que identifica primeiro e de forma específica e inequívoca ás emisións electromagnéticas como un risco para a saúde xa que se di textualmente *‘débense vixiar os riscos ambientais e os seus efectos sobre a saúde, incluída a presenza dos axentes contaminantes no medio ambiente e nas persoas, así como o impacto potencial sobre a saúde da exposición a emisións electromagnéticas’* e máis adiante indícase que se deben levar a cabo accións de protección da saúde que se rexerán polos principios de proporcionalidade e precaución que se describen como: *‘A existencia de indicios fundados dunha posible afectación grave da saúde da poboación, aínda cando houberse incerteza científica sobre o carácter do risco, determinará o cese, a prohibición ou a limitación da actividade sobre a que concorrán’*.”

Por todo o exposto a Asociación pola Defensa da Ría

SOLICITA:

1. Impulsar unha **campaña de concienciación** dentro da Axenda 21 escolar **polo uso moderado e racional de teléfonos móbiles entre os nenos e nenas**, en liña coa Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, alertando dos riscos específicos do uso precoz, indiscriminado e prolongado dos teléfonos móbiles e doutros dispositivos emisores de microondas.
2. Utilizar para a divulgación desta campaña os medios publicitarios que dispón o concello de forma gratuíta: en revistas municipais, redes sociais, web do concello, etc.
3. Buscar posibles fontes de financiamento externas e independentes.
4. Incluír unha campaña específica de Nadal, como acción enfocada ao consumo responsable e a saúde infantil. Tras valorar os resultados de devandita campaña, decidir a súa incorporación en posteriores anos.

Áo Sr. Alcalde pedímoslle a inclusión no próximo Pleno Ordinario con carácter de urxencia e que se poña de acordo en presentar unha moción conxunta segundo o solicitado por esta Asociación. As razóns veñen dadas para contrarrestar a dinámica actual de ausencia de medidas urxentes e efectivas na nosa comunidade para salvagardar o principio de precaución.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA